



# XOVES

## I+D+i

Estimados/as amigos/as:

O pasado venres día 1 de abril presentouse na sede da Axencia Galega de Innovación, en Santiago de Compostela, un **índice para a medición do desempeño innovador das pemes galegas**, desenvolvido por esta Axencia xunto co Consorcio da Zona Franca de Vigo, a través do seu servizo de información empresarial ARDAN, e coa colaboración da **Universidade de Vigo**.

Este sistema de medición, tal e como resaltou o conselleiro de Economía, Emprego e Industria, **Francisco Conde López**, busca **promover os procesos de innovación nas empresas en Galicia**, a través dun índice sintético que establece, en base a unha escala (entre 0 e 1.000 puntos) a súa posición e grao de innovación. Ademais, as empresas que realicen a enquisa online recibirán, de xeito totalmente gratuito, o **Informe INNOBENCH**, un informe personalizado que incluírá aspectos tan importantes como a súa **posición relativa con respecto ás empresas do mesmo sector económico e o seu potencial de mellora**, proponendo accións concretas e incluíndo unha matriz coas axudas públicas dispoñibles para abordalas. De feito, os resultados obtidos nesta enquisa serán tidos en conta por esta consellería no **deseño e desenvolvemento dos programas de apoio á innovación nas empresas**, e poderán incluírse como **criterio de valoración nas futuras convocatorias**.

Pola súa banda, **Teresa Pedrosa Silva**, delegada do Estado no Consorcio da Zona Franca de Vigo destacou que esta colaboración entre institucións amosa novamente que a suma de esforzos é altamente positiva no obxectivo común de “facer da nosa sociedade unha das referencias globais en innovación”.

No acto de presentación contouse coas ponencias de Xose H. Vázquez Vicente, do grupo REDE da Universidade de Vigo, que expuxo a orixe e metodoloxía deste sistema de medición e, como representante das empresas participantes na enquisa 2015, entrevistou Javier Taibo Gallego, director xeral de Egatel S.L., a empresa galega que conseguiu 5 estrelas no Indicador de Innovación (750 puntos). Esta empresa do sector das telecomunicacións valorou moi positivamente esta nova ferramenta de medición e o contido do informe que se obtén a través dela.

As empresas galegas poden xa acceder á enquisa online e obter o informe Innobench neste [enlace](#), accesible tamén desde a [páxina web da Axencia Galega de Innovación](#).

Agardamos que esta información sexa do teu interese e despedímonos ata o vindeiro xoves!



Se non desexa recibir este boletín, pode vostede darse de baixa pinchando aquí . Para calquera dúbida ou consulta, pode escribir un correo a [informa.gain@xunta.es](mailto:informa.gain@xunta.es).